

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de marzo de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González.

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e cinco minutos do día vinte e tres de marzo de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(239).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(240).- NOMEAMENTO INTERINO DE CATRO SUBALTERNOS CON CARGO ÁS VACANTES DA OEP 2016, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1 DO RDLX 5/2015, TRBEP, PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 29653/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 22/03/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 02 de decembro de 2016, expte. 28960/220, procedeu a modificar o acordo adoptado na súa sesión de 08/04/2016, pola que se aprobou a oferta de emprego Público correspondente ao ano 2016, que quedou integrada polas seguintes 58 prazas vacantes:

"a) *Personal funcionario (35 prazas, 27 delas pola quenda libre e 8 por promoción interna).*

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
1	Técnico/a Administración Xeral rama xurídica	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Promoción interna
1	Administrativo/a Administración Xeral	C1	Admón. Xeral	Administrativa	-----	Libre
8	Auxiliar Administración Xeral	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	-----	5 Libre e 3 promoción interna
4	Subalterno/a	E	Admón. Xeral	Subalterna	-----	Libre
1	Enxeñeiro/a de Camiños	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Enxeñeiro/a Industrial	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Diplomado/a Traballo Social	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Enxeñeiro/a-Técnico/a Topografía	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Arquitecto/a Técnico/a Aparellador/a	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Técnico/a Xestión	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
1	Técnico/a Relaciones Laborais	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
1	Técnico/a Medio/a Sistemas	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
2	Programador/a Informática	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Libre
1	Sarxento Extinción Incendios	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Promoción Interna
3	Bombeiro/a	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre
7	Polícia Local	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Polícia Local	Libre

b) *Personal laboral : 23 prazas (1 Capataz pola quenda de promoción interna, 21 de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación (6 delas pola quenda libre- 1 oficial condutor, 1 oficial Fontaneiro, 1 oficial Sepultureiro, 1 oficial mecánico e, 2 oficiais cuidadores Zoo) e 15 pola quenda de promoción interna, e, 1 de Axudante de Oficios do Grupo Transitorio E pola quenda de promoción interna).*

SEGUNDO.- *De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de 5 prazas (7% das 58 prazas ofertadas (33 correspondentes a quenda libre e 25 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade, dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as tres restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.*

- Dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, unha das ofertadas pola quenda libre e outra da quenda de promoción interna.
- Dúas prazas de Oficial de oficios, da quenda de promoción interna, unha delas reservárase para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual.
- A praza de Axudante de oficios, da quenda de promoción interna, reservada para persoas con discapacidade intelectual".

O referido acordo foi publicado no Boletín oficial da Provincia nº 243 de 22 de decembro de 2016 e no Diario Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 247 de 28 de decembro seguinte. A Xefa de Subalternos coa conformidade da Xefa da Area de Réxime Interior, en escrito de data 13 de marzo de 2017, solicita a cobertura interina das catro prazas de Subalterno/a, correspondente á Oferta de Emprego Público 2016, ante as necesidades coas que conta na actualidade o Servizo de Conserxería (oito vacantes por xubilación nos últimos anos). O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 15 de marzo de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino á Xunta de Goberno Local, entre outras, de catro prazas vacantes de Subalterno/a incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, previsto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubran definitivamente as referidas prazas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte.

En cumprimento do ordenado, con data 21/03/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual as citadas prazas xa foron incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2016 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 8 de abril de 2016 e rectificadas en sesión de 2 de decembro de 2016 (BOP nº 80 de 27 de abril de 2016 e DOG nº 86 de 6 de maio seguinte e, rectificacións no BOP nº 243 de 22 de decembro de 2016 e DOG nº 247 de 28 de decembro seguinte.

Os/as funcionarios/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertencen as vacantes, neste caso (posto cód. 155-Ordenanza-Porteiro/a), adscritos ao Servizo de Conserxería, cód. 201, programa funcional 920.0, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantitativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición tanto da Xefa de Subalternos como da Xefa da Área de Réxime Interior donde se atopan as vacantes, así como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 15/03/2017 no que se ordena o inicio do presente expediente e, no informe do funcionario informante, resultou acreditado que a cobertura destas catro prazas vacantes se corresponde cun caso excepcional para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016, considerándose a prestación deste servizo como un servizo público interno, de carácter transversal que vai permitir a atención dos edificios do concello, tratándose de tarefas imprescindibles para o normal desenvolvemento das súas actividades e a conseguinte información e atención aos cidadáns, sendo as súas funcións as previstas na guía de funcións do posto de subalterno e, as previstas no artigo 169.1.e) do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo

que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, considerándose a prestación deste Servizo, dependente da Área de Réxime Interior como servizo público esencial, infórmase favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición de data 13 de marzo de 2017, da Xefa de Subalternos, que conta coa conformidade da Xefa da Área de Réxime Interior, que figura no expediente.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, interinos propostos de catro subalternos, supón un gasto anual de 83.699,16€ (ao que deberá engadirse a cantidade de 26.936,04€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa), e imputarase con cargo as prazas vacantes existentes no Servizo de Conserxería, cód. 201, programa funcional 920.0, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 155-Ordenanza-Porteiro/a), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade, significando que o custe máximo anual será de **77.873,35€** (dos que **59.286,91€** corresponden a retribucións e, 18.586,35 a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 8,5 meses.

IV. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente na última Oferta de Emprego Público convocada por este concello, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de once prazas de **Subalterno/a de Administración Xeral**, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro seguinte, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade no mesmo artigo do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público -EBEP-), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos que obran neste Área, corresponde o nomeamento como subalternos/as dos/das aspirantes que figura nas posicións núms. 1- **GONZÁLEZ SÁNCHEZ, ISABEL, DNI 36.151.568-F**, 2-**SÁNCHEZ CARRASCO, TERESA, DNI 07.837.404-Q**, 4-**VEGA PRIETO, SUSANA, DNI 46.840.215-W e**, 5-**VILLAMOR ÁLVAREZ, JESÚS ANGEL, DNI 36.136.095-J**, que aceptaron expresamente mediante escritos de datas 16 de marzo actual, optar aos referidos nomeamentos interinos con cargo as prazas vacantes segundo o disposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área

de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, significando que a aspirante que figura no posto núm. 3 ocupa a última posición na lista ao ter renunciado voluntariamente nunha anterior ocasión coa aprobación do expte. 24173/220.

Cómpre informar que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo.

Así mesmo, no apartado II dos citados criterios contéplase que "*cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo*".

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a provisión interina de catro prazas de Subalterno/a, Escala Administración Xeral, Subescala Subalterna, integradas no subgrupo de Titulación E-Agrupacións Profesionais-, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto por **77.873,35€**, incluídos os custes de Seguridade Social a cargo da Empresa, con cargo ao programa orzamentario 920.0, partidas 120.00.00, 121.00.00 e, 121.01.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarios/as interinos/as con cargo a prazas vacantes de **Subalterno/a**, a **D^a. ISABEL GONZÁLEZ SÁNCHEZ, DNI 36.151.568-F**, **D^a. TERESA SÁNCHEZ CARRASCO, DNI 07.837.404-Q**, **D^a. SUSANA VEGA PRIETO, DNI 46.840.215-W** e, **D. JESÚS ANGEL VILLAMOR ÁLVAREZ, DNI 36.136.095-J**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalternos/as, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma, e no

disposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubran definitivamente ditas prazas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Ordenanza-Porteiro/a.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarias interinos/as nomeados/as desenvolverase preferentemente de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, a Xefa da Área de Réxime Interior, a Xefa de Subalternos, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(241).- NOMEAMENTO INTERINO DUN/DUNHA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A EN TOPOGRAFÍA CON CARGO Á PRAZA VACANTE DA OEP 2016, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.^A) DO RDLX 5/2015, TRBEP, PARA A ÁREA DE FOMENTO. EXPTE. 29662/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 22/03/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 02 de decembro de 2016, expte. 28960/220, procedeu a modificar o acordo adoptado na súa sesión de 08/04/2016, pola que se aprobou a oferta de emprego Público correspondente ao ano 2016, que quedou integrada polas seguintes 58 prazas vacantes:

"a) *Personal funcionario (35 prazas, 27 delas pola quenda libre e 8 por promoción interna).*

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
1	Técnico/a Administración Xeral rama xurídica	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Promoción interna
1	Administrativo/a Administración Xeral	C1	Admón. Xeral	Administrativa	-----	Libre
8	Auxiliar Administración Xeral	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	-----	5 Libre e 3 promoción interna
4	Subalterno/a	E	Admón. Xeral	Subalterna	-----	Libre
1	Enxeñeiro/a de Camiños	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Enxeñeiro/a Industrial	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Diplomado/a Traballo Social	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Enxeñeiro/a-Técnico/a Topografía	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Arquitecto/a Técnico/a Aparellador/a	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Técnico/a Xestión	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
1	Técnico/a Relaciones Laborais	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
1	Técnico/a Medio/a Sistemas	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
2	Programador/a Informática	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Libre
1	Sarxento Extinción Incendios	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Promoción Interna
3	Bombeiro/a	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre
7	Policía Local	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	Libre

b) *Personal laboral : 23 prazas (1 Capataz pola quenda de promoción interna, 21 de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación (6 delas pola quenda libre- 1 oficial condutor, 1 oficial Fontaneiro, 1 oficial Sepultureiro, 1 oficial mecánico e, 2 oficiais cuidadores Zoo) e 15 pola quenda de promoción interna, e, 1 de Axudante de Oficios do Grupo Transitorio E pola quenda de promoción interna).*

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de 5 prazas (7% das 58 prazas ofertadas (33 correspondentes a quenda libre e 25 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade, dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as tres restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

- Dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, unha das ofertadas pola quenda libre e outra da quenda de promoción interna.
- Dúas prazas de Oficial de oficios, da quenda de promoción interna, unha delas reservárase para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual.
- A praza de Axudante de oficios, da quenda de promoción interna, reservada para persoas con discapacidade intelectual".

O referido acordo foi publicado no Boletín oficial da Provincia nº 243 de 22 de decembro de 2016 e no Diario Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 247 de 28 de decembro seguinte. O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 17 de marzo de 2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino á Xunta de Goberno Local, entre outras, dunha praza vacante de Enxeñeiro/a Técnico/a en Topografía (Subgrupo A2 de titulación), incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, previsto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a referida praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte.

En cumprimento do ordenado, con data 20/03/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual a citada praza xa foi incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2016 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 8 de abril de 2016 e rectificadas en sesión de 2 de decembro de 2016 (BOP nº 80 de 27 de abril de 2016 e DOG nº 86 de 6 de maio seguinte e, rectificacións no BOP nº 243 de 22 de decembro de 2016 e DOG nº 247 de 28 de decembro seguinte).

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 315-Técnico/a Medio/a en Topografía), adscrito a Área de Fomento, cód. 440, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario coa conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en escrito de data 7 de marzo de 2017, solicita a cobertura interina da praza de Enxeñeiro/a Técnico/a en Topografía, correspondente á Oferta de Emprego Público 2016, ante as necesidades e a carga de traballo coa que na actualidade conta a referida Área.

Segundo consta no escrito de petición tanto do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario donde se atopa a vacante, que conta coa conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, así como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 17/03/2017 no que se ordena o inicio do presente expediente e, no informe do funcionario informante, resultou acreditado que a cobertura desta praza vacante se corresponde cun caso excepcional para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o

exercicio 2016, considerándose a prestación deste Servizo como esencial, obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición da xefatura do Servizo administrativo da Área de Fomento que conta coa conformidade do concelleiro-delegado, así como na propia Instrución de Servizo do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal de data 17/03/2017 que figura anexado ao expediente.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto dun/dunha enxeñeiro/a técnico/a en topografía, supón un gasto anual de 41.263,28€ (ao que deberá engadirse a cantidade de 12.936,04€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa), e imputarase con cargo a praza vacante existente na Área de Fomento, cód. 440, programa funcional 153.2, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 315-Técnico Medio Topografía), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade, significando que o custe máximo anual será de **40.649,49€** (dos que **30.947,46€** corresponden a retribucións e, **9.702,03€** a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai que imputalo a un máximo de 9 meses.

IV. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente na última Oferta de Emprego Público convocada por este concello, non se incluíu ningunha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a en Topografía, polo que foi necesario poñer en marcha unha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Enxeñeiros/as Técnicos/as en Topografía, que de cobertura ás necesidades existentes na Área e que garanta a prestación dos servizos, bases que foron autorizadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 11/12/15, expte. 27061/220, sendo aprobada dita bolsa de emprego pola Xunta de Goberno Local en sesión de 08/07/16, expte 28423/220.

No referido proposta figura a relación dos tres aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do EBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratado/a/s como persoal interino ou laboral.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 07/09/2016, seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos que obran neste Área, corresponde o nomeamento como enxeñeiro-técnico en topografía do aspirante nº 1 - **D. PABLO SAAVEDRA SALGUEIRO, DNI 35.313.636-P**, que aceptou expresamente mediante escrito de data 20 de marzo actual, optar ao referido nomeamento interino con cargo a praza vacante segundo o disposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Cómpre informar que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo.

Así mesmo, no apartado II dos citados criterios contémplase que "*cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) do texto refundido do EBEP (prazas vacantes en plantilla) efectuarase o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, incluíndo ás que se atopan prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo*".

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a provisión interina dunha praza de **Enxeñeiro/a Técnico/a en Topografía**, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Media, integrada no subgrupo A2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto por **40.649,49,79€**, incluídos os custes de Seguridade Social a cargo da Empresa, con cargo ao programa orzamentario 153.2, partidas 120.00.00, 121,00.00 e, 121.01.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionario interino con cargo a praza vacante de **Enxeñeiro/a Técnico/a en Topografía**, a **D. PABLO SAAVEDRA SALGUEIRO, con DNI 35.313.633-P**, na súa condición de primeiro aspirante na lista que superou todos os exercicios da oposición na última convocatoria resultante da Bolsa de Emprego de oficiais de enxeñeiros/as/técnicos en Topografía, formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 26/08/2016, derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 11/12/2015, expte. 27061/220, BOP de 12/01/16., e no disposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente dita praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2016, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, publicada no BOP de 27/04/16 e no DOG nº 86 de 06/05/16, modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de 02/12/16, publicado no BOP de 22/12/16 e no DOG de 28 de decembro seguinte, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 315-Técnico/a medio/a Topografía.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, ao Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, ao Xefe da Area de Fomento, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(242).- BASES REITORAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO NO ART. 10.1 DO RDLX 5/2015, TRBEP, COMO OFICIAIS (COIDADOR/A

MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONGROL DE VIGOZOO, DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, XARDINEIROS/AS DESIFECTORES, ELECTRICISTAS, FERREIROS/AS E FONTANEIROS/AS) E OPERADORES INFORMÁTICOS. EXPTE. 27845/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 22/03/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a técnica de Admón. Xeral da Área Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, en escrito de data 22/03/2016 solicita o nomeamento interino dun **Operador de informática**, á vista da situación actual do seu servizo, non sendo posible toda vez que non existe lista de substitucións para proceder á correspondente proposta.

Así mesmo, con datas 3 e 14 de marzo de 2016, o Director de Réxime Interior de Vigo-Zoo, coa conformidade da concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, manifesta a necesidade de cubrir as necesidades básicas para o mantemento do parque Zoolóxico. A este respecto indícase que, aínda que existe unha lista de reserva de Oficias Coidadores de mantemento, vixilancia e control, sería necesario poñer en marcha un novo proceso selectivo para a formación dunha nova bolsa de emprego de **Oficiais coidadores de mantemento, vixilancia e control de Vigo-Zoo**, que substitúa a anterior convocatoria que foi autorizada polo Consello de Administración do extinto organismo autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo de 20/12/2013 para a contratación en réxime laboral-temporal a través de contratos de relevo.

O Técnico do Servizo de Educación, conformado pola Concelleira Delegada de Educación, a través de escrito de data 13 de xaneiro de 2016, expón o novo réxime competencial instaurado trala entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, que modifica o artigo 25 da lei 7/1985, LRBRL, en canto ao exercicio das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias e, en concreto, no ámbito da educación, *“A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial de Vigo é competencia propia e de responsabilidade do Concello, segundo se recolle no artigo 25.2, apartado n)”*. Ase mesmo o Director Técnico do Servizo de Deportes e do Director Deportivo, Xefe da Unidade Técnico deportiva, coa conformidade do Concelleiro delegado de deportes, es escrito de petición de data 17 de febreiro de 2016, expoñen a falta de medios habituais no Servizo de Deportes, para a apertura e peche das instalacións, movemento de material deportivo, necesidades operativas da programación das competicións, unido á existencia dunha relación de baixas laborais do seu persoal entre outras cuestións como a existencia de vacantes sen cubrir, polo que queda debidamente xustificada a convocatoria pública dun proceso selectivo que permita os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1 do Real Decreto 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público como **Oficiais de Instalacións Municipais**, que cubra as necesidades de ámbolos dous servizos.

De igual xeito, a lista de substitucións de **Oficiais Xardineiros** derivada da OEP 2008 actualmente formada por cinco efectivos, resulta claramente insuficiente para cubrir as necesidades dos Servizo de Montes, Parques e Xardíns, Patrimonio Histórico e Limpeza, tal e como sinalan os seus correspondentes xefes de servizo, nos seus escritos de datas 04/02/16 e 12/01/16 respectivamente, polo que é necesario poñer en marcha nova bolsa de emprego na referida categoría.

A Directora do Laboratorio Municipal en reiterados escritos solicitou a posta en marcha dunha bolsa de emprego de **Oficiais Desinfectores**, dada a evidente falta de medios humanos coa conta o Servizo, ao estar vacantes dous dos catro postos de oficial desinfectador adscritos ao mesmo.

De igual xeito e necesario poñer en marcha unha bolsa de emprego de **Oficiais Electricistas**, toda vez que dos trece postos de oficial electricista adscritos ao mesmo, figuran vacantes catro deles, mais outro que foi reasignado a outro servizo por adaptación de posto.

O xefe de mantemento de vias municipais e o Xefe do Servizo de Vías e Obras, coa conformidade do concelleiro delegado de Fomento, a través de escrito de 29/12/2015, solicitan o nomeamento interino por acumulación de tarefas de **Oficiais ferreiros e Oficiais fontaneiros**, sen que exista lista de substitucións.

O Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través de instrución de servizo de data 12 de abril de 2016, autorizou o inicio do expediente administrativo para a elaboración das bases reitoras e convocatoria do proceso selectivo a executar, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, ou a contratación laboral temporal prevista nos artigos 8.2 e 15.1 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e art. 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, e que posibilite unha proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas de Operadores de Informática e de oficiais de oficios, postos de oficiais coidadores/as de mantemento, vixilancia e control de Vigo-Zoo, oficial de instalacións municipais, oficiais Xardineiros/as, oficiais desinfectores/as, oficiais electricistas, oficiais ferreiros/s e, oficiais fontaneiros/as e, a súa posterior adscrición ao Servizo de Administración Electrónica e, aos diferentes Servizos Municipais.

En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamentos, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. - Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias

de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

II.- Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

A vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo esixe como requisitos específicos para o desempeño do postos de traballo obxecto da convocatoria do Grupo C2 de titulación, que son os seguintes:

-Estar en posesión do título académico oficial de Graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Como requisitos xerais para o acceso contémpanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer

funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

III.- En canto aos órganos de selección de persoal das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc.), faise constar que estes deberán axustarse á **configuración legal** esixida no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.

2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”

Por outro lado, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.

2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:

- a) El personal de elección o de designación política.*
- b) El personal funcionario interino o laboral temporal.*
- c) El personal eventual.*
- d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.

4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.

5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.

6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.

7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”

Así mesmo, o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV.- Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio da mesma a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsas de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Operador/a de Informática e Oficiais de Oficios (Oficial coidador de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo, Oficial Instalacións Municipais, Oficial Xardineiro/a, Oficial Desinfectador/a, Oficial Electricista, Oficial Ferreiro e, Oficial Fontaneiro, (todos eles integrados no subgrupo C2), e que forman parte inseparable do presente acordo. As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa publicación complementaria na páxina web do Concello de Vigo, para público e xeral coñecemento.

Segundo.- Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegacións competenciais efectuadas en Decretos da Alcaldía e Acordos da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 e 30/12/2016.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación.

Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso-administrativo.

Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

En ambos casos, o recurso contencioso-administrativo se interporá ante o Xulgado Contencioso-Administrativo en cuxa circunscrición teña seu domicilio o demandante o se atope a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel. (8.1 e 14.1.2º da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

BASES REITORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, COMO OPERADOR/A DE INFORMÁTICA E OFICIAIS DE OFICIOS (OFICIAL COIDADOR DE MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DE VIGOZOO, OFICIAL INSTALACIÓN MUNICIPAL, OFICIAL XARDINEIRO/A, OFICIAL DESINFECTOR/A, OFICIAL ELECTRICISTA, OFICIAL FERREIRO E, OFICIAL FONTANEIRO, (TODOS ELES INTEGRADOS NO SUBGRUPO C2). (EXPT. 27845/220)

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

E obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación de bolsas de emprego de Oficiais de oficios (Oficial coidador de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo, Oficial Instalacións Municipais, Oficial Xardineiro/a, Oficial Desinfector/a, Oficial Electricista, Oficial Ferreiro e, Oficial Fontaneiro) e de Operador/a de Informática, que permita a cobertura interina das respectivas categorías prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

II.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión do título académico oficial de Graduado en Educación Secundaria obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse polo aspirante mediante certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inescusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou certificación académica que acredite haber realizado e aprobado os estudos completos e necesarios para a expedición do mesmo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo na data previa ao nomeamento como funcionario/a interino, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de oficial de oficios e Operador de Informática antes relacionadas.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal www.vigo.org dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerase de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III.-SISTEMA DE SELECCION

O sistema de selección para estas bolsas de traballo será o de oposición libre, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo cos temarios específicos.

IV.-FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 25 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario que figura anexo a estas bases, que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

O órgano de selección, trala análise do número de aspirantes presentados, poderá establecer unha puntuación mínima ou nota de corte para superar este exercicio, puntuación que en ningún caso poderá ser inferior a cinco puntos. O acordo que se adopte ao respecto deberá ser publicado e constará na correspondente acta, debendo ser igualmente os aspirantes informados de tal extremo.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou, realizar as tarefas que propondrá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 2 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introducíranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

V.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A **solicitud** dirixirse ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **10 días naturais** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base I anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental") e, no seu caso, do título CELGA 2, ou equivalente homologado.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicaranse no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a **exclusión** na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de **tres días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org. Así mesmo, ao igual que o indicado na base V, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org.

VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado/a no subgrupo A1 ou A2 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo o do seu Organismo Autónomo, integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e ss. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

-Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo o do seu Organismo Autónomo, encadrados/as no subgrupo C2 de titulación como mínimo, e que pertencen a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerán en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución de servizo.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizasen

tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renunciem expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016 no acordo de Modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva . (Expte 28442/220), do que transcribimos o apartado IV.

“IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente."

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

IX.- INCIDENCIAS

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

X.- RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

A N E X O : T E M A R I O S

Operador/a de Informática

TEMA 1.-Referencia aos principios xerais e contido da Constitución Española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

TEMA 2.-Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

TEMA 3.-O acto administrativo. Concepto. Requisitos: Motivación e forma. A eficacia. A notificación.

TEMA 4.-O procedemento administrativo; Iniciación, ordenación e instrución. A terminación: A obriga de resolver. A falta de resolución expresa: O réxime do silencio administrativo.

TEMA 5.-Sistema operativo Linux. Instalación sistemas de ficheiros; xestión de espazo en disco; montar/desmontar dispositivos; xestións de logs; xestión de arquivos; compartición de ficheiros con SMB.

TEMA 6.-Sistema operativo Linux. Instalación de paquetes con RPM; YUM repositorios; configuración da rede. Dispositivos de impresión.

TEMA 7.-Sistema operativo Linux, comandos de xestión do sistema, xestión de procesos; creación de usuarios; rendemento do sistema; estrutura básica de directorios do sistema.

TEMA 8.-Entorno Xenapp: Ferramentas de administración e mantemento.

TEMA 9.-Entorno con clientes lixeiros: Entornas Vmware VDI, XenDesktop. Configuración, ferramentas de control e mantemento.

TEMA 10.-Sistema operativo Windows, instalación de software; configuración de dispositivos; compartición de carpetas; configuración da rede.

TEMA 11.-Sistema operativo Windows, agregar ou quitar programas; agregar novo hardware; ferramentas do sistema; administrador de tarefas; configurar impresoras.

TEMA 12.-Redes. Configuración de usuarios; TCP/IP; equipamentos de rede: switches, routers, firewalls.

TEMA 13.-Redes. Comprobación de rendemento e funcionamento da rede; detección de avarías básicas e a súa resolución.

TEMA 14.-Comunicacións de voz:central telefónica IP. Tipos de terminais. Facilidades: Desvíos, grupos, conferencia múltiple, sígame, etc.

TEMA 15.-Seguridade informática: normas e regulamentos. Instalación e configuración de sistemas antivirus nos usuarios; detección e limpeza de virus; antivirus.

TEMA 16.-Novas tecnoloxías: internet:instalación, configuración. Correo electrónico: instalación e configuración. Navegadores, buscadores. FTP.

TEMA 17.-Open e Libre Office: ferramentas de configuración; configuración do idioma e dos dicionarios. Configuración base de datos.

TEMA 18.-Open e Libre Office Writer: diferenzas con Word.Formatado de texto.Combinación de correspondencia. Estilos.

TEMA 19.-Open e Libre Office Calc: diferenzas con Excel. Uso de fórmulas. Formateado de celas.

TEMA 20.-Mantemento dos PC e impresoras: detección de avarías; tipos de avarías; resolución de avarías; rexistro de avarías.

Oficial Coidador/a Mantemento, vixilancia e control de Vigo-Zoo

TEMA 1.-Referencia aos principios xerais e contido da Constitución Española de 1978 .

TEMA 2.-Dereitos fundamentais e liberdades públicas

TEMA 3.-O Estatuto de Autonomía de Galicia, principios xerais e estrutura.

TEMA 4.-Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

TEMA 5.-A administración local. Regulación. Tipos de entidades locais.

TEMA 6.-O municipio. Territorio e poboación, organización e competencias.

TEMA 7.-Funcións e tarefas dos Oficiais Coidadores de Vixilancia, Mantemento e control do Parque Zoolóxico. Breve referencia a cada un deles.

TEMA 8.-Finalidades que perseguen os Parques Zoolóxicos.

TEMA 9.-Condicións mínimas que deben reunir as Instalacións dos Parques Zoolóxicos. Especial consideración dos recintos para cada especie de animais.

TEMA 10.-Aspectos mais relevantes da Lei sobre Conservación da Fauna Silvestre nos Parques Zoolóxicos (Lei 31/2003, do 27 de outubro, publicada no BOE nº 258 de data 28 de outubro).

TEMA 11.-Características básicas das especies existentes no Parque Zoolóxico de Vigo, segundo as fichas de características de cada unha delas.

TEMA 12.-Estudo dos diferentes tipos de condutas animais.

TEMA 13.-Medidas para manter o benestar físico e psicolóxico dos animais en catividade Prevención do estrés.

TEMA 14.-Normas de seguridade e saúde laboral de obrigado cumprimento polos oficiais coidadores de vixilancia e control polas funcións e tarefas do posto de traballo, segundo a normativa de aplicación. (Lei 31/95, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos laborais).

TEMA 15.-Coñecemento básico sobre medidas de prevención e primeiros auxilios.

TEMA 16.-Control de animais externos dentro do parque.

TEMA 17.-Etoloxía dos animais. A comunicación animal e o seu linguaxe corporal.

TEMA 18.-Alimentación de animais salvaxes. Manipulación , preparación e distribución.

TEMA 19.-Limpeza e hixiene de recintos para animais salvaxes. Útiles e produtos empregados.

TEMA 20.-Métodos de manipulación das diferentes especies do zoo. Técnicas de captura e inmovilización de animais salvaxes.

Oficial Instalacións Municipais

TEMA 1.-Referencia aos principios xerais e contido da Constitución Española de 1978 .

TEMA 2.-Dereitos fundamentais e liberdades públicas

TEMA 3.-O Estatuto de Autonomía de Galicia, principios xerais e estrutura.

TEMA 4.-Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

TEMA 5.-El municipio. Territorio e poboación, organización e competencias.

TEMA 6.-Ferramentas máis utilizadas polas brigadas de obras, albanelería, electricidade, carpintería, fontanería e pintura. Características e aplicacións.

TEMA 7.-Operacións básicas en traballos de albanelería, electricidade, fontanería, carpintería e pintura.

TEMA 8.-Conservación e mantemento de parques e xardíns: ferramentas utilizadas, podas e fertilización. Mención especial ao céspede.

TEMA 9.-Electricidade: Esquemas básicos de conexión.

TEMA 10.-Nocións básicas sobre mantemento de instalacións eléctricas. Mantemento de instalacións de auga, gas, calefacción e aire acondicionado.

TEMA 11.- Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos.

TEMA 12.-Tarefas básicas en mantemento de edificios e instalacións.

TEMA 13.-Maquinaria, utensilios, ferramentas e produtos químicos usados para a actividade de limpeza en instalacións deportivas municipais.

TEMA 14.-Nocións básicas de mantemento, conservación de unidades, maquinaria para a actividade de limpeza e demais elementos dunha instalación deportiva.

TEMA 15.-Labores básicas de albanelería en pequenas reparacións e mantemento de espazos.

TEMA 16.-Nocións básicas sobre seguridade en edificios. Prevención de Incendios. Plans de emerxencia e evacuación. Instalacións de protección contra incendios.

TEMA 16.-Traballos de mantemento de carpintería e reparacións mais frecuentes.

TEMA 17.-Seguridade e saúde laboral. Normas básicas sobre medidas de seguridade adoptar: Manexo correcto das cargas, identificación dos equipos de protección individual. Recomendacións de seguridade a hora de traballar con escaleiras. Instrución para usar con seguridade ferramentas manuais e eléctricas. Obrigacións do traballador en materia de prevención de riscos laborais.

TEMA 18.-Traballos de mantemento de carpintería e reparacións mais frecuentes.

TEMA 19.-Colocación de pechaduras, portas, reparación de persianas e vernizado.

TEMA 20.-Normas básicas de instalacións de auga. Terminoloxía. Tuberías: tipos e características e usos máis apropiados.

Oficial Xardineiro/a

TEMA 1.-Referencia aos principios xerais e contido da Constitución Española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

TEMA 2.-Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

TEMA 3.-A planta.

TEMA 4.-O solo.

TEMA 5.-Sistemas de rego: tipos e características.
TEMA 6 .-La fertilización: tipos.
TEMA 7.-Principais pragas e enfermidades no xardín. Métodos de control.
TEMA 8.-Traballos de protección.
TEMA 9.-Subministro de material vexetal: calidade xeral, transporte, recepción e acopio en viveiro.
TEMA 10.-Maquinaria: usos e mantemento.
TEMA 11.-Mantemento de elementos vexetais: palmeiras, arborado, arbustos, céspede.
TEMA 12.-Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais. Equipos de protección persoal.

Oficial Desinfectora

TEMA 1.-Referencia aos principios xerais e contido da Constitución Española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
TEMA 2.-Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.
TEMA 3.-Oficial de desinfección: Funcións e tarefas no desenvolvemento de servizos D.D.D.
TEMA 4.-Características que debe cumprir un biocida con garantía sanitaria.
TEMA 5.-Mecanismos máis importantes de loita contra insectos
TEMA 6.-Características biolóxicas das ratas. Técnicas de desratización e medidas de prevención.
TEMA 7.-Prevención, diagnóstico e primeiros auxilios no caso de intoxicación por biocidas.
TEMA 8.-Biocidas e medio ambiente. Precaucións. Eliminación de restos e envases.
TEMA 9.-Tipos de cascudas máis frecuentes na nosa xeografía
TEMA 10.-Métodos, técnicas e pasos a seguir para realizar unha desinfección.
TEMA 11.-Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais. Precaucións e normas de seguridade. Equipos de protección persoal.
TEMA 12.- Efectos adversos dos biocidas sobre a saúde e o medio ambiente.

Oficial Electricista

TEMA 1.-Referencia aos principios xerais e contido da Constitución Española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
TEMA 2.-Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.
TEMA 3.-Requisitos necesarios para exercer de instalador electricista autorizado. Medios mínimos, técnicos e humanos requiridos.
TEMA 4.-Electricidade. Corrente continua e alterna (trifásica e monofásica). Magnitudes eléctricas fundamentais. Relacións entre elas e caída de tensión.
TEMA 5.-Redes aéreas e subterráneas para a distribución de baixa tensión.
TEMA 6.-Instalacións de iluminación exterior. Alumeado público.
TEMA 7.- Instalacións eléctricas en fontes: iluminación e bombeo.
TEMA 8.-Redes de distribución eléctrica. Acometidas. Instalacións de enlace: caixas de protección e medida, liña xeral de alimentación, derivacións individuais, contadores e dispositivos de mando e protección.
TEMA 9.-Proteccións das instalacións: contra sobreintensidades, contra sobretensións, contra contactos directos e indirectos. Instalacións de posta a terra.
TEMA 10.-Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior no termo municipal de Vigo. Disposicións xerais. Características das instalacións.
TEMA 11.-Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado exterior: Eficiencia enerxética e compoñentes das instalacións.
TEMA 12.-Disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico.

Oficial Ferreiro/a

TEMA 1.-Referencia aos principios xerais e contido da Constitución Española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

TEMA 2.-Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

TEMA 3.-Unións soldadas y técnicas de soldeo. Tipos de unións e soldaduras. Preparación de soldaduras. Terminoloxía. Posicións e técnicas de soldeo.

TEMA 4.- Procesos de corte e resanado. Clasificación e definicións. Corte e resanado con gas. Corte e resanado por plasma.

TEMA 5.-Soldeo oxigás. Principios do proceso. Gases empregados. Equipos de soldeo oxiacetilénico. Varillas de aportación e fundentes. Zonas características da llama oxiacetilénica. Técnicas.

TEMA 6.-Soldeo por arco con electrodos revestidos. Principios do proceso. Selección do tipo de corrente. Equipo de soldeo. Electrodos revestidos, tipos, manipulación e conservación. Parámetros de soldeo. Técnicas operativas. Defectos típicos das soldaduras.

TEMA 7.-Soldeo por arco protexido por gas. Introducción. Soldeo TIG. Soldeo MIG/MAG. Soldeo con alambre tubular.

TEMA 8.-Soldeo por resistencia. Principios do proceso. Ciclo de soldeo. Variables do proceso de soldeo. Procesos do soldeo por resistencia. Equipo de soldeo. Electrodos e mordazas.

TEMA 9.-Soldeo con aluminio e as súas aleacións. Propiedades do aluminio. Aleacións de aluminio. Factores que inflúen na realización de unións soldadas. Procesos de soldeo y recomendacións. Soldeos TIG, MIG, por arco con electrodo revestido e con oxigas.

TEMA 10.-Seguridade e hixiene en traballos de soldadura. Análise de riscos. Medidas de prevención. Riscos e prevencións.

TEMA 11.-Ordenanza xeral reguladora das obras e as conseguíntes implantacións de servizos na vía pública: Sinalización e balizamento das ocupacións da vía pública.

TEMA 12.- Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais.

Oficial Fontaneiro/a

TEMA 1.-Referencia aos principios xerais e contido da Constitución Española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

TEMA 2.-Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

TEMA 3.-A auga. Composición da auga. Procesos de purificación. A auga de consumo. Tratamentos segundo tipo.

TEMA 4.-Abastecemento de auga. Rede de Condución. Instalación da rede de condución. Elementos das conducións. Válvulas.

TEMA 5.-Rede de distribución da auga en núcleos urbanos. Depósitos de almacenamento. Tipos de redes de distribución. Acometidas. Contador xeral.

TEMA 6.-Materiais utilizados nas instalacións de Auga Sanitaria.

TEMA 7.-Instalación interior xeral e particular da auga sanitaria en edificacións. Tubos de alimentación. Grupos de presión. Contadores. Montante, chave de aboado e derivacións.

TEMA 8.-Auga Quente Sanitaria (ACS). Producción e distribución do ACS. Aillamento das conducións de ACS.

TEMA 9.-Criterios xerais de deseño de saneamento en edificacións.

TEMA 10.-Redes de evacuación e ventilación de augas fecais en edificacións. Redes de evacuación de augas pluviais en edificacións.

TEMA 11.-Avaliación dos riscos mais comúns en traballos de fontanería e calefacción na construción. Medidas correctoras e de prevención.

TEMA 12.-Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(243).- REQUISITO ÁS ACCIONISTAS DA MERCANTIL PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A., A ESTA MERCANTIL E AOS MEMBROS DO SEU CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADICIONAIS DERIVADOS DA SÚA OFERTA PARA A OBTENCIÓN DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS NA AVDA. DE BEIRAMAR. EXPTE. 1189/330.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 21/03/17, asinado polo responsable do contrato e xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 6 de marzo de 2006, acordou adxudicar o contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, ás mercantís Testa Inmuebles S.A., Caixanova, hoxe Abanca Corporación Bancaria S.A., Puentes Concesiones S.L., Sacyr S.A.U., Expacontra S.A., e Puentes y Calzadas S.A., coa obriga de constituír unha sociedade anónima de nova creación para a execución do contrato; sociedade anónima que, co nome de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., foi constituída por escritura pública de 19 de abril de 2006, outorgada ante o notario de Vigo don Miguel Lucas Sánchez, co número 808 do seu protocolo.

2. Executada a obra pública e iniciada a súa explotación no ano 2011, o Consello de Administración de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., na súa sesión de data 21 de xullo de 2016, acordou comunicar ao Xulgado do mercantil competente o inicio de negociacións cos acredores da Sociedade, para acadar un acordo de refinanciación ou, no seu caso, para obter unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos no artigo 5 Bis da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal. Á vista desta resolución, a Xunta de Goberno Local, con data de 7 de outubro de 2016, en base ás consideracións de feito e de dereito que se conteñen na súa parte expositiva, acordou, requirir da mercantil Pazo de Congressos de Vigo, S.A., dos seus administradores e das súas accionistas, o cumprimento da obriga destas últimas de proceder ao saneamento patrimonial de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., prevista na cláusula 20.7 do PCAP do contrato, no caso de que as ditas negociacións non acadaran o resultado pretendido; obriga de saneamento patrimonial, a cargo dos accionistas, para cuxo cumprimento se fixou o prazo de quince días a contar do vencemento do prazo de tres meses, desde a comunicación ao xulgado, que o artigo 5 bis. 5 da Lei Concursal concede ao debedor para alcanzar os acordos que xustificaron a comunicación.

3. Este acordo municipal foi notificado a todos os interesados no contrato de concesión de obra pública, á vez que se lles practicou a estes o requirimento nel disposto, e contra o mesmo, Pazo de Congressos de Vigo, S.A. interpuxo, en prazo hábil, recurso de reposición, fundado na inesixibilidade tanto legal como contractual da obriga de saneamento patrimonial, cuxo cumprimento lles require o órgano de contratación, e solicitou a suspensión do acordo impugnado, que foi rexeitada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 9 de decembro de 2016

4. Porén, o Consello de Administración de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., en sesión de 18 de novembro de 2016, incumprindo o requirimento formulado pola Xunta de goberno Local, acordou solicitar do Xulgado do Mercantil a declaración en concurso de acredores da dita mercantil, sen requirir previamente aos accionistas da mesma o cumprimento da súa

obriga de saneamento patrimonial de Pazo de Congressos, S.A.; declaración de concurso que tivo lugar por auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, con sede en Vigo, de data 2 de decembro de 2016, adoitado no procedemento de concurso ordinario núm. 418/2016.

5. Sen prexuízo da obriga dos adxudicatarios do contrato, accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. de proceder ao saneamento patrimonial desta mercantil, estipulada na cláusula 27.1 do PCAP do contrato de concesión —obriga cuxo cumprimento e esixencia reclamou esta Administración municipal dos accionistas e administradores de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e que estes negan— é o certo que na documentación relativa á proposición técnica e económica presentada, no sobre B, presentado polas mercantís Testa Inmuebles S.A., Caixanova, hoxe Abanca Corporación Bancaria S.A., Puentes Concesiones S.L., Sacyr S.A.U., Expacontra S.A., e Puentes y Calzadas S.A., na licitación da adxudicación do contrato de referencia, se conteñen unha serie de compromisos adicionais dos adxudicatarios para facer fronte ás situacións de insolvencia.

6. A proposición técnica e económica presentada por estas para optar ao concurso convocado polo Concello de Vigo para adxudicar, por procedemento aberto, o contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos e zona complementaria, na Avda. de Beiramar en Vigo, contempla nos apartados B. 2 — FECHA Y FORMA DE LAS APORTACIONES DE CAPITAL SOCIAL Y PRÉSTAMOS PARTICIPATIVO— e D. i—DETALLE DE LAS FUENTES DE FINANCIACIÓN PREVISTAS— compromisos adicionais das adxudicatarias, accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., para facer fronte ás situacións de desfase de tesourería; concretamente:

—O compromiso adicional dos socios de achegar ata oito millóns de euros adicionais como préstamo participativo, débeda subordinada ou calquera outra forma para cubrir posibles desfases de tesourería de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. .

Así dise nas tres últimas aliñas do penúltimo parágrafo do apartado B.2.- FECHA Y FORMA DE LAS APORTACIONES DE CAPITAL SOCIAL Y PRÉSTAMOS PARTICIPATIVO, que: «Adicionalmente, los socios se comprometen a aportar hasta 8 millones de euros adicionales como préstamo participativo, deuda subordinada o cualquier otra forma para cubrir desfases de tesorería».

— O compromiso adicional de outorgar garantías para o cumprimento do compromiso dos socios de realizar ademais da aportación do capital inicial outras adicionais para cubrir o déficit de tesorería de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. durante a fase de explotación con un límite máximo de ata sete millóns de euros.

Así no número 9. (iv) do epígrafe D.i.- DETALLE DE LAS FUENTES DE FINANCIACIÓN PREVISTAS, respecto das fonte de financiación alleas, no apartado relativo a “Garantías”, prevese que «Se otorgarán, entre otras, las siguientes garantías de primer rango en beneficio de las entidades acreditantes: 9. Compromiso de los socios de realizar además de la aportación inicial, otras adicionales para: (iv) Cubrir el déficit de tesorería del Acreditado durante la fase de explotación con un límite máximo de hasta 7 millones de euros».

Así as cousas, declarada Pazo de Congressos de Vigo, S.A. en situación de concurso voluntario por insolvencia actual da mesma, sen prexuízo da esixencia do cumprimento da obriga de saneamento patrimonial prevista na cláusula 20.7 PCAP do contrato de concesión e da próxima resolución do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de

gobierno Local de 7 de outubro de 2016, no que se reclama o seu cumprimento, procede requirir da mercantil Pazo de Congresos de Vigo, S.A., dos seus administradores, incluído o Administrador Concursal, das mercantís accionistas de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. o cumprimento inmediato das obrigas adicionais para facer fronte a eventuais situacións de insolvencia, asumidas expresamente polos accionistas de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. na proposición técnica e económica presentada por estas para optar ao concurso para a adxudicación do contrato da concesión de obra pública de referencia que se contemplan nos apartados B. 2 —FECHA Y FORMA DE LAS APORTACIONES DE CAPITAL SOCIAL Y PRÉSTAMOS PARTICIPATIVO— e D. i—DETALLE DE LAS FUENTES DE FINANCIACIÓN PREVISTAS—, esto é:

— O compromiso adicional dos socios de achegar ata oito millóns de euros adicionais como préstamo participativo, débeda subordinada ou calquera outra forma para cubrir posibles desfases de tesourería de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. (tres últimas aliñas do penúltimo parágrafo do apartado B.2.- FECHA Y FORMA DE LAS APORTACIONES DE CAPITAL SOCIAL Y PRÉSTAMOS PARTICIPATIVO).

— O compromiso adicional dos socios de outorgar garantías para o cumprimento do compromiso destes de realizar ademais da aportación do capital inicial outras adicionais para cubrir o déficit de tesorería de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. durante a fase de explotación con un límite máximo de ata sete millóns de euros (Epígrafe D.i.- DETALLE DE LAS FUENTES DE FINANCIACIÓN PREVISTAS; “Fontes de financiación alleas”; “Garantías”; número 9. (iv))

Así as cousas, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo, (disposición adicional 2ª.3 TRLCSP/2011), a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Requirir das mercantís accionistas de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. o cumprimento inmediato e da mercantil Pazo de Congresos de Vigo, S.A., dos seus administradores e do Administrador Concursal de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. a esixencia ás accionistas desta do cumprimento inmediato das obrigas adicionais para facer fronte a eventuais situacións de insolvencia, asumidas expresamente polos accionistas de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. na proposición técnica e económica presentada por estas para optar ao concurso para a adxudicación do contrato da concesión de obra pública de referencia que se contemplan nos apartados B. 2 —FECHA Y FORMA DE LAS APORTACIONES DE CAPITAL SOCIAL Y PRÉSTAMOS PARTICIPATIVO— e D. i—DETALLE DE LAS FUENTES DE FINANCIACIÓN PREVISTAS—, esto é:

— O compromiso adicional dos socios de achegar ata oito millóns de euros adicionais como préstamo participativo, débeda subordinada ou calquera outra forma para cubrir posibles desfases de tesourería de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. (tres últimas aliñas do penúltimo parágrafo do apartado B.2.- FECHA Y FORMA DE LAS APORTACIONES DE CAPITAL SOCIAL Y PRÉSTAMOS PARTICIPATIVO).

— O compromiso adicional dos socios de outorgar garantías para o cumprimento do compromiso destes de realizar ademais da aportación do capital inicial outras adicionais para cubrir o déficit de tesorería de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. durante a fase de explotación con un límite máximo de ata sete millóns de euros (Epígrafe D.i.- DETALLE DE

LAS FUENTES DE FINANCIACIÓN PREVISTAS; “Fontes de financiación alleas”; “Garantías”; número 9. iv).

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ás accionistas de Pazo de Congressos de Vigo, S.A. a esta mercantil, ás mercantís membros do seu consello de administración e a o Administrador Concursal de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., con indicación de que o acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Terceiro.- Coa notificación do presente acordo a Pazo de Congressos de Vigo, S.A., as súas accionistas e ás administradoras da primeira se entenderá efectuado a cada unha delas o requirimento arriba acordado.

Cuarto.- Dese conta do presente acordo, para o seu coñecemento, ao Xulgado do mercantil núm. 3 de Pontevedra, con sede en Vigo, ante o que se segue, co número 418/2016, o procedemento de concurso ordinario de Pazo de Congressos de Vigo, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(244).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DE GRAN VÍA (ENTRE A RÚA LEPANTO E A RÚA NICARAGUA).EXPTE. 4467/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico eo 22/03/17, e o informe de fiscalización do 23/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 23/03/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local en data 12.01.16 acordou, entre outros:

– Aprobar a solicitude de axuda a favor do Concello de Vigo en relación á Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

– Aprobación da memoria que desenvolve as estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada *ESTRATEGIA DUSI VIGO VERTICAL*, que se anexa ao presente expediente para presentar á convocatoria regulada pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

– Nomear responsable da estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada *ESTRATEGIA DUSI VIGO VERTICAL*, a efectos de coordinación, seguimento, e notificacións oficiais ao 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández.

2.- Por Resolución da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos de data 29 de setembro de 2016 (BOE de 3 de outubro de 2016) concedeuse axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €. Por Resolución da mesma Secretaría de Estado de data 12 de decembro de 2016 (BOE nº 301 de 14.12.2016) a mesma concédese de forma definitiva.

3.- Nos orzamentos municipais do ano 2017 contéplase diferentes aplaicións orzamentarias para facer fronte ás obrigacións do Concello de Vigo no citado programa. Así contéplase a aplicación orzamentaria 1539.619.00.00 “Dusi Gran Vía”

4.- En data 24.02.2017 o Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario conclúen a necesidade da contratación da redacción do proxecto de obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía (entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua).”

Para a execución destas obras, procede de acordo coa orde de inicio do Concelleiro delegado da Área de Fomento de data 24 de febreiro de 2017, dar inicio do correspondente expediente de contratación.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

–Informe xustificativo da conveniencia e necesidade do contrato de servizos de redacción do proxecto de obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía (entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua)

–Resolución de inicio do expediente do 2ºT.Alcalde e Concelleiro delegado da Área de Fomento de data 24 de febreiro de 2017.

–Prego de prescricións técnicas particulares atópase, redactadas polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal de data 16.03.2017, xunto cos anexos 1 (anexo 1 “Estudo de deseño e xestión do espazo público na redacción do anteprojecto de remodelación e rehabilitación da contorna urbana entre Praza de España e rúa Lepanto) e anexo 2 (plano ámbito de actuación)

–Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación Beatriz Barbará Rodríguez, de data 22 de marzo de 2017, así como informe favorable ao expediente do Servizo de Contratación da mesma data.

–Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 22 de marzo de 2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Terceiro.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se dá preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Cuarto.- A Asesoría Xurídica, con data 22.03.2017 emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de redacción do proxecto de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía (entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua)

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 22.03.2017 e o prego de prescricións técnicas, de data 16.03.2017 redactado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de DOUSCENTOS DEZASETE MIL OITOCENTOS EUROS (217.800,00), sendo o importe correspondente ao IVE de 37.800€.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1539.619.00.00 – Dusi Gran Vía (proxecto 17153900)

O Valor estimado do contrato estipúlase en CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000€).

Cuarto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(245).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA. EXPTE. 4468/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico eo 22/03/17, e o informe de fiscalización do 23/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 22/03/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local en data 12.01.16 acordou, entre outros:

- Aprobar a solicitude de axuda a favor do Concello de Vigo en relación á Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.*
- Aprobar a memoria que desenvolve as estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada ESTRATEXIA DUSI VIGO VERTICAL, que se anexa ao presente expediente para presentar á convocatoria regulada pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.*
- Nomear responsable da estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada ESTRATEXIA DUSI VIGO VERTICAL, a efectos de coordinación, seguimento, e notificacións oficiais ao 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández.*

2.- Por Resolución da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos de data 29 de setembro de 2016 (BOE de 3 de outubro de 2016) concedeuse axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada "VIGO VERTICAL", por un importe de 15.000.000,00 €. Por Resolución da mesma Secretaría de Estado de data 12 de decembro de 2016 (BOE nº 301 de 14.12.2016) a mesma concédese de forma definitiva.

3.- Nos orzamentos municipais do ano 2017 contéplase diferentes aplaicións orzamentarias para facer fronte ás obrigacións do Concello de Vigo no citado programa. Así contéplase a aplicación orzamentaria 1539.6190003 "Dusi Porta do Sol"

4.- O 2ºT de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu en data 08.08.2016 autorizar o contrato e o gasto para a redacción do estudo de reordenación do entorno da Porta do Sol a prol da empresa Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte e Ambientais.

5.- En base ao citado traballo o Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo Adminsitrativo e Control Orzamentario conclúen a necesidade da contratación da redacción do proxecto constructivo soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, para a correcta definición en tempo e forma da actuación a levar a cabo.

Para a execución destas obras, procede de acordo coa orde de inicio do Concelleiro delegado da Area de Fomento de data 24 de febreiro de 2017, dar inicio do correspondente expediente de contratación.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

-Informe xustificativo da conveniencia e necesidade do contrato de servizos de redacción do proxecto de sotramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humaniación e transformación peonil da actual rede Viaria de data 24.02.2017 do Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal e do Xefe do Servizo Adminitrativo e Control Orzamentario.

-Resolución de inicio do expediente do 2ºT.Alcalde e Concelleiro delegado da Area de Fomento de data 24 de febreiro de 2017.

-Prego de prescricións técnicas particulares atópase, redactadas polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal de data 16.03.2017

-Anexo ao PPT, onde figura o estudo de reordenación funcional do entorno da Porta do Sol.

-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación Beatriz Barbará Rodríguez, de data 22 de marzo de 2017, así como informe favorable ao expediente do Servizo de Contratación da mesma data.

-Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 22 de marzo de 2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Terceiro.- No expediente xustificase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refíren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Cuarto.- A Asesoría Xurídica, con data 22.03.2017 emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria.

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 22.03.2017 e o prego de prescricións técnicas, de data 16.03.2017 redactado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de DOUSCENTOS DEZASETE MIL OITOCENTOS EUROS (217.800,00), sendo o importe correspondente ao IVE de 37.800€.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1539.6190003 – Dusi Porta do Sol (proxecto 17153903)

O Valor estimado do contrato estipúlase en CENTO OITENTA MIL EUROS (180.000€)

Cuarto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(246).- MODIFICACIÓN Nº 5 DO CONTRATO DE COBERTURA DE RISCOS DA FLOTA DE VEHÍCULOS DE MOTOR DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7969/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/03/17, e o informe de fiscalización do 21/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 13/03/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais, o concelleiro delegado de Fomento, Contratación e Limpeza e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes

1º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 08/08/2013, aprobou os pregos de cláusulas administrativas e técnicas para a contratación da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal.

2º.-A Xunta de Goberno Local en sesión do 10/12/2013, adxudicou a Mapfre Familiar Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A., o contrato da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal, por un importe de 411.893.75 €.

3º.- En data 30/12/2013, formalizouse o contrato entre o Concello de Vigo e Mapfre Familiar Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A., para a cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal. O prazo do citado contrato queda definido dende as 00.00 horas do 01/01/2014 ata as 24.00 horas do 31/12/2015, podendo prorrogarse o contrato por acordo expreso do órgano de contratación por períodos anuais, cun máximo de dúas prorrogas.

4º.- Con data 01/01/2016 a empresa Mapfre Familiar Compañía de Seguros y reaseguros, S.A. pasou a denominarse Mapfre España Compañía de Seguros y reaseguros, S.A.. Por tanto, a partir desta data cambia o nome do adxudicatario do contrato de cobertura de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal pasando a ser Mapfre España Compañía de Seguros y reaseguros, S.A.

5º.- En data 06/11/2015, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de “Modificación do contrato de cobertura de riscos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo” (modificación nº1) nas seguintes condicións:

- Danse de baixa do contrato orixinal dez (10) vehículos por importe minorado en primas individuais de 10,191,10 €
- Danse de alta do contrato orixinal vinteún (21) vehículos por importe incrementado en primas individuais de 20.028,19 €
- A diferenza entre os incrementos e as minoracións é de 9.788,19 €, que corresponde co incremento modificado que se aproba do importe anual do contrato.
- O porcentaxe desta modificación respecto ao importe anual inicial é de 4,75 % de incremento.

6º.- Con data 12/02/2016, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo dunha segunda “Modificación do contrato de cobertura de riscos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo” (modificación nº 2) nas seguintes condicións:

- Danse de alta do contrato en vigor oito (8) vehículos por importe incrementado en primas individuais de 4.563,07 €

- O porcentaxe desta modificación respecto ao importe anual inicial é de 6,97 % de incremento (inclúese o porcentaxe de incremento da primeira modificación do contrato)

7º.- Con data 29/06/2016, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo dunha terceira "Modificación do contrato de cobertura de riscos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo" (modificación nº3) nas seguintes condicións:

- Danse de baixa do contrato en vigor oito (17) vehículos por importe minorado en primas individuais de 19.171,76 €
- O porcentaxe desta modificación respecto ao importe anual inicial é de -2,34 % de incremento (inclúese o porcentaxe de incremento da primeira e da segunda modificación do contrato)

8º.- Con data 29/12/2016, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo dunha cuarta "Modificación do contrato de cobertura de riscos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo" (modificación nº4) nas seguintes condicións:

- Corríxense os erros detectados nas modificacións segunda e terceira axustando primas de altas e baixas á situación real incrementándose o contrato en 13.836,38 €
- Danse de alta do contrato en vigor tres (3) vehículos por importe incrementado en primas individuais de 4.265,83 €
- O porcentaxe desta modificación respecto ao importe anual inicial é de +6,42 % de incremento (inclúese o porcentaxe de incremento das anteriores modificacións do contrato)

9º.- En data 16.02.2017 a Xunta de Goberno Local acordou *correxir o erro do acordo da mesma de dat 29.12.2016 e onde di:* "MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A." *deberá dicir:* "MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., agora co nome MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A."

10º.- No parque móbil hai, actualmente, once vehículos que xa non están en condicións de prestar servizo, pola súa antigüidade ou por estar obsoletos para os traballos. Estes vehículos cuxas primas anuais de seguro correspondentes son os seguintes:

Nº ORDE	MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
1	PO 5793 O	976,90 €
2	PO 0895 P	976,90 €
3	9750 CSD	663,41 €
4	4217 CRH	780,04 €
5	PO 6178 BJ	2.229,22 €
6	PO 64841	2.352,40 €

7	PO 43590	2.352,40 €
8	PO 32901	2.352,40 €
9	9365 DCK	1.072,33 €
10	PO 7664 AS	1.072,26 €
11	PO 4622 AD	457,89 €
	TOTAL	15.286,15 €

10º.- Hai tamén actualmente, no parque móbil, trece vehículos novos que se incorporan ao Parque móbil en base aos seguintes motivos:

- No caso dos vehículos 1 e 2 do nº de orde da seguinte taboa, o “Contrato de Servizo de Mantemento Integral dos Túneles e Pasos Inferiores da Cidades”, adxudicado en data 02/05/2011, indica na cláusula 6 letra P) do Prego de Prescricións Técnicas Particulares que, ao remate da prestación, o axudicatario cedería os vehículos adscritos ao concello de Vigo. En data 10/08/2016 concluíu a cesión coa expedición da tarxeta de circulación de ambos vehículos ao nome do Concello de Vigo.
- No caso dos vehículos do 3 ao 13 do nº de orde da seguinte táboa, o “Contrato de Servizo de Mantemento e Conservación das Instalacións de Alumeadado Público do concello de Vigo”, adxudicado en data 13/03/2006, indica na cláusula 8.4 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares que, ao remate da prestación, o axudicatario cedería os vehículos adscritos ao concello de Vigo. En data 12/12/2016 recibíuse neste servizo do Parque Móbil a tarxeta de circulación ao nome do Concello de Vigo de todos os vehículos referidos.

Estes vehículos cuxas primas anuais de seguro correspondentes son os seguintes:

Nº ORDE	MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
1	0450 HFM	495,28 €
2	0442 HFM	495,28 €
3	3854 FBX	495,28 €
4	3879 FBX	617,76 €
5	3913 FBX	617,76 €
6	3919 FBX	617,76 €
7	3930 FBX	617,76 €

8	8789 FDV	993,04 €
9	4926 FHH	993,04 €
10	9263 GRW	485,28 €
11	6736 FDB	660,76 €
12	0480 FFR	660,76 €
13	5505 FFY	660,76 €
	TOTAL	8.410,52 €

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

1.- O artigo 106 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 4 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCS) regula as modificacións previstas na documentación que rixe a licitación.

Así establece que “os contratos do sector público poderán modificarse sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se teña advertido expresamente de esta posibilidade e se teñan detallado de forma clara, previsa e inequívoca ás condicións en que poderá facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poidan acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que teña que seguirse para elo”.

2.- O PCAP na súa cláusula nº 21 regula que o Órgano de contratación poderá modificar o contrato por novas altas, baixas ou cambios de usos dos vehículos da flota do Concello, cun límite máximo de incremento do custe da póliza polas modificación que non superara o 8,925 % do prezo inicial do contrato.

3.- Competencia.- Procedo elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TRLCS a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro: Dar de baixa once (11) vehículos no contrato da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal coas seguintes condicións económicas:

Nº ORDE	MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
1	PO 5793 O	976,90 €
2	PO 0895 P	976,90 €
3	9750 CSD	663,41 €

4	4217 CRH	780,04 €
5	PO 6178 BJ	2.229,22 €
6	PO 64841	2.352,40 €
7	PO 43590	2.352,40 €
8	PO 32901	2.352,40 €
9	9365 DCK	1.072,33 €
10	PO 7664 AS	1.072,26 €
11	PO 4622 AD	457,89 €
	TOTAL	15.286,15 €

Segundo: Dar de alta trece (13) vehículos no contrato da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal coas seguintes condicións económicas:

Nº ORDE	MATRICULA	IMPORTE PRIMA ANUAL
1	0450 HFM	495,28 €
2	0442 HFM	495,28 €
3	3854 FBX	495,28 €
4	3879 FBX	617,76 €
5	3913 FBX	617,76 €
6	3919 FBX	617,76 €
7	3930 FBX	617,76 €
8	8789 FDV	993,04 €
9	4926 FHH	993,04 €
10	9263 GRW	485,28 €
11	6736 FDB	660,76 €
12	0480 FFR	660,76 €
13	5505 FFY	660,76 €
	TOTAL	8.410,52 €

Terceiro: Aprobar a modificación do contrato da cobertura do seguro de riscos para a flota de vehículos a motor de titularidade municipal, adxudicado a *MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A, hoxe MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.*”

Importe anual inicial do contrato	205.946,89 €
Incremento do contrato aprobado con data 06/11/2015	+ 9.788,19 €
Incremento do contrato aprobado con data 12/02/2016	+ 4.563,07 €
Decremento do contrato aprobado con data 29/06/2016	- 19.171,76 €
Incremento do contrato aprobado con data 29/12/2016	+ 18.037,34 €
Novo decremento por baixa de 11 vehículos	- 15.286,15 €
Novo incremento por alta de 13 vehículos	+ 8.410,52€
Total (novo importe do contrato)	212.288,10 €
Incremento porcentaxe sobre o importe inicial	+ 3,08 %

O novo importe do contrato terá un importe de 212.288,10 €, o cal constitúe o incremento dun 3,08 % sobre o prezo inicial do contrato.

Cuarto: A presente modificación do contrato deberá ser formalizada co adxudicatario, procedendo a regularización da fianza conforme ao establecido no contrato.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez